



A GRANXA ESCOLA DE MARCELLE

A 12 kilómetros ao nordeste da cidade de Lugo, no concello de Outeiro de Rei, atópase o parque de Marcelle. Enclave natural situado na beira esquerda do río Miño, nun dos tramos máis fermosos do seu percorrido por terras lucenses. Forma un conxunto harmonioso co contorno de exuberante vexetación autóctona reserva da biosfera. Os animais gozan de amplos espazos, polo que se pode dicir que viven en semiliberdade.



O día 27 de novembro de 2007, os alumnos de 4º fomos ao Enclave Natural de Marcelle en Outeiro de Rei en Lugo. A viaxe en autobús durou aproximadamente dúas horas, pero cheiraba fatal porque unha nena vomitou. Ao chegar dividíronnos en catro grupos: bisontes, elánds, línecs e canguros. Comezamos por pasar por unha porta secreta onde pasaba o río Miño. Despois vimos ás avestruces, os seus ovos enormes! Pesan os avestruces 135kg e miden 2,30m. De seguido vimos os bisontes que pesan unha tonelada e media. No reptilario había iguanas verdes, boas, dragóns, crocodilos chineses... A visita ao Enclave foi moi divertida.

Ali estaban todos os animais soltos, iso quer dicir que podemos ver aos animais de preto. Molou! Vimos avestruces, esquios, elands... O que máis nos gustou foron os suricatas. Eran monismos. Os suricatas son ananos, carnívoros e viven en madrigueiras e sempre hai algún vixiando. Poden vivir máis de 15 anos. Había tamén unhas flores moi raras chamadas "quitamerendas" que son coma o azafrán. nacen en tempada de outono cando xa ninguén vai ao monte a tomar as merendas por iso chámánnles así.



SARA, INÉS, XULIA E PAULA
4º B



AGRICULTURA ECOLÓXICA

O día 19 de outubro tivo lugar no noso colexio a presentación da campaña de Agricultura Ecolóxica, para o fomento do consumo de alimentos ecolóxicos entre a poboación infantil a través da ensinanza.

Estiveron presentes a Ministra de Agricultura, a Conselleira de Educación, o Delegado do Goberno en Galicia e o Director do noso colexio. A Ministra presen-tounos a "Ecolina" que é unha nena moi xogantina, espontánea e moi simpática. Para coñecela mellor probamos o xogo no ordenador.

A Agricultura Ecolóxica proporciona alimentos de calidade e respecta ao medio ambiente e o benestar dos animais. Emprega métodos tradicionais e non fertilizantes químicos nin plaguicidas. Ao remate convidáronnos a unha merenda con produtos ecolóxicos e regaláronnos o xogo.

Pasámolo moi ben!